

## **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE FERROL EN COMÚN PARA UN TRANSPORTE PÚBLICO DIGNO**

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción para un transporte público digno.

### **Exposición de motivos**

Un transporte público digno é un dereito tan fundamental como a vivenda ou emprego. A súa falta ou baixa calidade xera discriminacións inasumibles nun sistema democrático, incrementando a creba entre clases sociais e potenciando o uso do vehículo privado. A administración pública competente no transporte por estrada, a Xunta de Galicia vén dende hai anos mirando cara outro lado, ante os flagrantes incumprimentos das empresas concesionarias, mesmo con sentenzas xudiciais polo medio.

A maiores, a conexión ferroviaria da que dispoñemos data de 1913 e non supón unha opción viable para realizar o traslado entre cidades, o que provoca que o servizo de autocares teña máis demanda, por ser a única vía de transporte público que a veciñanza de Ferrol pode utilizar para desprazarse ao resto da contorna.

Dende o cambio de concesión, Monbús, agochada baixo o pseudónimo dunha UTE, empeorou este servizo de transporte por estrada. Minoraron as frecuencias, modificáronse horarios, déixanse de atender a persoas por falta de espazo, e a frota de autobuses non garante o mínimo de confort, moito menos para persoas con dificultades de mobilidade. Por todos estes motivos, o servizo de autocares está deixando de ser unha opción viable para o desprazamento ás cidades veciñas, ocasionando grandes prexuízos

para os usuarios e usuarias, que precisan deste servizo para ir aos seus postos de traballo, espazos formativos ou centros sanitarios.

Este empeoramento do servizo de transporte só ten un responsable: a Xunta de Galicia, competente da contratación do servizo de transporte interurbano e metropolitano. Tanto a administración autonómica coma a súa conselleira de infraestruturas e mobilidade, Ethel Vázquez, están amosando unha desastrosa xestión dun servizo fundamental e unha incapacidade total para solucionar os numerosos problemas que non deixan de aumentar polas carencias dun servizo que non está a ser serio nin fiable para os seus usuarios e usuarias, sumándose nos últimos meses outro chanzo neste despropósito: a nefasta reestruturación de servizos por mor das obras da cidade, sen planificación, sen contar coa veciñanza e tendo aos empregados do servizo como parapeto das lóxicas queixas cidadás polos constantes retrasos e esperas nas paradas.

O desmantelamento de calquera servizo público por parte da Xunta é unha constante nos seus gobernos, coma se está a demostrar neste caso co servizo de transporte metropolitano. A concesionaria do servizo leva case 2 anos incumprindo o contrato e a Xunta de Galicia fai oídos xordos sen buscar solucións, alternativas ou reforzar o servizo. Unha recente sentenza do Tribunal Supremo vén de ratificar a conivencia entre empresas concesionarias, Monbus e Alsa, para repartirse o mercado de forma fraudulenta, co silencio cómplice da Xunta de Galicia, que fixo caso omiso ás múltiples denuncias presentadas.

Ante esta situación extrema de precariedade no transporte público na comarca, a única resposta pública do Presidente da Xunta de Galicia ante o Alcalde da cidade foi que é un tema complicado, sen asumir ningún tipo de compromiso ou responsabilidade ao respecto.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal Ferrol en Común somete a votación a presente moción e os seguintes acordos:

1. Instar á Xunta de Galicia a tomar as medidas necesarias para a mellora do servizo de transporte interurbano e metropolitano, dotando das necesarias partidas no orzamento para complementar un servizo a todas luces insuficiente tanto no transporte urbano como interurbano, exercendo as súas competencias.

Ferrol, 23 de outubro de 2023

Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM Ferrol en Común